




O Urbano Lugo de Antón Patiño

Todo xira en Lugo sempre e obsesivamente arredor do mar: O mar é de continuo a esfera máxica dos intereses artísticos e literarios de Urbano Lugo. Unha atracción hipnótica á que vai manter fidelidade ao longo de toda a súa vida. A poética do mar vai lle dar ao seu traballo esa sensación de universo simbólico pechado e autosuficiente que desenvolveu entre enormes dificultades. A vida do pintor Lugo (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) contada con admiración e paixón polo escritor e tamén pintor Antón Patiño nun solvente exercicio biográfico chega da man da colección Esencias de Edicións A Nosa Terra.